



Historia de España 2º Bacharelato Exame 2 (29 de novembro de 2010)

Apelidos:
Nome:

Cualificación:

Baseándote nos documentos que se presentan, debes realizar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o reinado de Carlos IV e os inicios do reinado de Fernando VII. Debes comezar por comentar as circunstancias que concorren no período inmediato á revolución francesa e a relación de España con Francia (Doc.1). O Estatuto de Bayona é a primeira ordenación constitucional do sistema político español (Doc.2). Paralelamente, convócanse cortes constituíntes para redactar a Constitución de 1812, sobre a que opina Juan Pablo Fusi (Docs. 3 e 4). Finalmente, co regreso a España de Fernando VII iniciárase este reinado que pasa por diferentes períodos que debes simplemente esbozar (Doc. 5).

Doc.1.- Orde de Carlos IV (1791):

«*Prohibo a introdución e curso nestos meus Reinos e Señoríos de calquera papel sedicioso, e contrario á fidelidade e a tranquilidade pública, e en consecuencia mando, que calquera persoa que tivera carta ou papel impreso ou manuscrito desta especie os presente á Xustiza, dicindo e nomeando ao suxeito que llelos entregara, se o soubera; pena de que non facéndoo así, será procesado e castigado; procedendo as Xustizas coa actividade e a vixianza que require a súa gravidade, e que tanto interesa ó ben dos meus amados vasalos.*»

Doc.2.- Estatuto de Bayona:

«*En nome de Deus Todopoderoso, Don José I Napoleón, pola gracia de Deus, rei das Españas e das Indias: tendo escoitado á Xunta Nacional, reunida en Bayona de orde do noso moi caro e moi amado irmán Napoleón, Emperador dos franceses (...)* Decretamos a presente Constitución (...)

Art. 1. -*A relixión Católica, Apostólica e Romana, en España e en tódalas posesións españolas, será a relixión do Rei e da Nación, e non se permitirá ningunha outra.*

Art. 61. *Haberá Cortes ou Xuntas da Nación, compostas de 172 individuos, divididos en tres Estamentos (clero, nobreza, pobo).*

Art. 72. *Para ser deputado precísase ser propietario de bens raíces.*

Art. 90. -*Non se poderá conceder privilexio algún particular de exportación.*

Art. 96. -*As Españas e as Indias gobernaranse por un só Código de leis civís e criminais.*

Art. 97. -*A orde xudicial será independente nas súas funcións.*

Art. 116. -*As aduanas interiores quedan suprimidas en España e Indias.*

Art. 117. -*O sistema de contribucións será igual en todo o Reino.*

Art. 140. -*Os servizos e os talentos son os únicos que proporcionan os ascensos.*

Art. 145. -*Dous anos despois de terse executado totalmente esta Constitución, establecerase a liberdade de imprenta.* »

Doc.3.- Constitución de 1812:

“Artigo 2.- A Nación española é libre e independente, e non é nin pode ser patrimonio de ningunha familia, nin persoa.

Artigo 3.- *A soberanía reside esencialmente na Nación*, e, polo mesmo, pertence a esta exclusivamente o dereito a establecer as súas leis fundamentais.

Artigo 12.- A relixión da Nación española é e será perpetuamente a Católica, Apostólica e Romana, única e verdadeira. A Nación protéxea por leis sabias e xustas, e prohíbe o exercicio de calquera outra.

Artigo 14.- O goberno da Nación española é unha *monarquía moderada hereditaria*.

Artigo 15.- A potestade de facer as leis reside nas cortes co Rei.

Artigo 16.- A potestade de facer executar as leis reside no Rei.

Artigo 17.- A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais

establecidos pola lei.

Artigo 27.- As Cortes son a reunión de todos os deputados que representan a Nación, nomeados polos cidadáns na forma que se dirá.

Artigo 34.- Para a elección dos deputados de Cortes celebraranse xuntas electorais de parroquia, de partido e de provincia... »

Doc.4.-Juan Pablo Fusi opina sobre as Cortes de Cádiz:

“As cortes de Cádiz naceron e actuaron cun *triple problema de lexitimidade, de representación e de autoridade*. De lexitimidade, porque a idea inicial fora convocar as vellas Cortes tradicionais do reino... e os deputados carecían de mandato constituínte algún. De representación, pola propia complexidade do sistema de elección adoptado e porque en moitas provincias, ocupadas polos franceses, non houbo elección... De autoridade, porque o poder territorial das Cortes debeu ser limitadísimo: Cádiz estivo sitiada ata maio de 1812, Madrid non foi liberada ata o 28 de maio de 1813 e Cataluña, anexionada ao imperio napoleónico en 1812, permaneceu ocupada polos franceses ata maio de 1814.

Con todo a revolución gaditana... creou ou fixou, as ideas, a linguaxe e os principios éticos e políticos do liberalismo español.”

Doc.5.-Manifeso dos Persas:

“*A monarquía absoluta (...) é unha obra da razón e da intelixencia*: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado: foi establecida por dereito de conquista, ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que elixiron os seus Reis. Así que o Soberano absoluto non ten facultade de usar sen razón da súa autoridade (dereito que non quixo ter o mesmo Deus): por isto foi necesario que o poder soberano fose absoluto, para prescribir aos súbditos todo o que mira ao interese común, e obriga á obediencia aos que se negan a ela. Pero, os que declaman contra o goberno monárquico confunden o goberno monárquico co arbitrario, sen reflexionar que non hai estado (sen exceptuar as mesmas repúblicas) onde no constitutivo da soberanía non se ache un poder absoluto. A único diferenza que hai entre o poder dun rei e o dunha república é que aquel pode ser limitado e o desta non pode selo, chamándose absoluto en razón da forza con que pode executar a lei que constitúe o interese das sociedades civís. Nun goberno absoluto, as persoas son libres, a propiedade dos bens é tan lexítima e inviolable que subsiste aínda contra o mesmo soberano que aproba o ser compelido ante os tribunais e que o seu mesmo consello decida sobre as pretensións que teñen contra el os seus vasallos. O soberano non pode dispoñer da vida dos seus súbditos, senón conformarse coa orde de xustiza establecido no seu Estado. Hai entre o Príncipe e o pobo certas convencións que se renovan con xuramento na consagración de cada Rei; hai leis, e canto se fai contra as súas disposicións é nulo en dereito. Póñase á beira desta definición á antiga Constitución Española e medítese a inxustiza que se fai. Os máis sabios políticos preferiron esta monarquía absoluta a todo outro goberno.”

Criterios de corrección:

Contexto histórico: *Da revolución francesa á primeira etapa absolutista do reinado de Fernando VII.*

Introdución: *O reinado de Carlos IV e a súa reacción ante a penetración das ideoloxías revolucionarias (persecución, ausencia de liberdade de imprenta, Florida Blanca fala do perigo de contaxio)* (1 valor)

Desenvolvemento: *A debilidade da monarquía de Carlos IV (Tratado de Fontainebleau, motín de Aranjuez e proclamación de Fernando VII como rei, abdicacións de Carlos IV e Fernando VII, carta outorgada de Baiona -primeiro texto constitucional da historia de España-, guerra da independencia, Xunta Suprema Central e convocatoria das Cortes de Cádiz (con representación de sectores políticos diversos), labor das Cortes de Cádiz (supresión dos gremios, abolición da Inquisición, supresión dos señoríos xurisdiccionais,...), Manifesto dos Persas, decreto de Valencia e restauración da monarquía absoluta.* (3 valores)

Conclusión: *A monarquía de Fernando VII, entre o liberalismo e o absolutismo: sexenio absolutista, trienio liberal, intervención dos Cen Mil Fillos de San Luis, década ominosa...* (1 valor)

Glosario a explicar: *Cortes, división de poderes, meritocracia, contribución única (xa implantada no século XVIII cos Borbóns), sufraxio censatario e sufraxio universal, Código civil unificado, soberanía nacional, liberdade de imprenta, monarquía constitucional, monarquía absoluta, sexenio absolutista, trienio liberal, década ominosa, liberalismo doutrinario.* (5 valores)